

## PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2024027810
ASUNTO	ACTUACIÓNS DE REPARACIÓNS E PINTADO EXTERIOR DOS EDIFICIOS DO CENTRO DE SERVIZOS E APOIO EMPRESARIAL E DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO POLÍGONO DE BARRO.
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Vicepresidenta en virtude das competencias que ostenta en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón que a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

### 1. NECESIDADE E IDONEIDADE

A Deputación de Pontevedra puxo en marcha en 2016 o Viveiro de empresas do polígono de Barro coa finalidade de facilitar o desenvolvemento de iniciativas económicas de interese para a provincia nun contorno económico e empresarial complexo que demanda proxectos empresariais creativos, innovadores e sólidos. É unha estrutura de acollida temporal de empresas dirixida a encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado, prestarlles servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial e favorecer a colaboración entre elas.

Anexo á edificación do Viveiro de empresas, atópase o Centro de Servizos e Apoio Empresarial, que atende as demandas das e dos emprendedores do viveiro, as das empresas que están en funcionamento no polígono e as das persoas alleas a el. O apoio, tanto en formación como en orientación e asesoramento é a principal función deste espazo, que desde xullo de 2017 está á disposición das persoas emprendedoras da provincia.

Na actualidade, os exteriores das edificacións presentan deterioros do paso dos anos e para a súa correcta conservación e mantemento, a Deputación de Pontevedra ten a necesidade de acometer actuacións de reparacións e pintado exterior dos referidos edificios.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como, os aspectos relacionados coa "natureza e extensión das necesidades que pretender cubrirese mediante o contrato obxecto deste expediente", a idoneidade desta contratación fundaméntase na Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalación.



Xustifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra de persoal e dos medios necesarios para a adecuada realización destes traballos, motivo polo que se estima preciso contratar a unha empresa do sector que posúa experiencia e capacidade para realizar este tipo de traballo. E polo tanto, por todo o exposto, considérase acreditada a necesidade de contratación externa para a realización das actuacións indicadas.

## 2. SERVIZO SOLICITANTE

SERVIZO DE COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS

<b>Responsable do contrato:</b>	Alejandro Marín Gómez-Nieves, Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Cooperación, ou persoa na que delegue
<b>Responsable da Administración:</b>	Marina Piñeiro Novo, Xefa do Servizo de Cooperación, ou persoa na que delegue

## 3. OBXETO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES

<b>Denominación do contrato:</b>	OBRAS DE "REPARACIÓNS E PINTADO EXTERIOR DOS EDIFICIOS DO CENTRO DE SERVIZOS E APOIO EMPRESARIAL E DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO POLÍGONO DE BARRO"
<b>Obxecto e contido:</b>	<p>As actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do "Centro de Servizos e Apoio Empresarial" e do "Viveiro de empresas" consistirán na realización das seguintes unidades de obra:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparación de paramentos para posterior pintado.</li> <li>• Reparación de gretas en revestimento de morteiro sobre o paramento vertical exterior.</li> <li>• Revisión e reparación de canlón existente.</li> <li>• Pintura sobre paramento exterior.</li> <li>• Desmontaxe de varanda existente instalada en rampa de acceso.</li> <li>• Colocación de separadores de varanda de vidro.</li> <li>• Subministración e colocación de perfil de varanda de vidro.</li> <li>• Reparación de pavimento.</li> </ul> <p>Para a rotulación empregando a nova imaxe corporativa da institución provincial procederase á execución das seguintes unidades de obra:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desmontaxe e retirada completa de elementos existentes.</li> <li>• Subministración e instalación de rótulo luminoso.</li> </ul>
<b>CPV:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ 45000000-7 Traballos de construción.</li> <li>○ 45262650-2 Traballos de revestimento de fachadas</li> <li>○ 45442100-8 Traballos de pintura</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ 45442110-1 Traballos de pintura de edificios</li> <li>○ 45442180-2 Traballos de renovación de pintura</li> <li>○ 45443000-4 Traballos de fachada</li> <li>○ 45450000-6 Outros traballos de acabado de edificios</li> </ul>
<b>Lotes</b>	<input type="checkbox"/> SI
	<input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: Non é factible a división en lotes da obra para a súa execución por unha pluralidade de contratistas independentes xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico ao ser necesario coordinar a execución de todas as unidades de obra, considerando este un dos motivos válidos que recolle o artigo 99.3 da Lei 9/2017 para a non división en lotes.

#### 4. TRAMITACIÓN PROPOSTA

<b>Tramitación proposta:</b>	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE
<b>Tramitación anticipada:</b>	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
<b>Incluído no plan anual de contratación:</b>	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON

#### 5. FINANCIACIÓN

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/942.4330.212.00	39.814,87 €

#### 6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN

<b>Prazo de execución/duración do contrato:</b>	DOUS MESES (2), a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo
<b>Posibles prórrogas nos contratos de duración:</b>	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON

## 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

CONCEPTO	CUSTO
1. Orzamento de execución material	27.651,13 €
2. Gastos xerais (13%)	3.594,65 €
3. Beneficio industrial (6%)	1.659,07 €
4. Orzamento base de licitación sen IVE:	32.904,85 €
5. IVE (21%)	6.910,02 €
<b>TOTAL</b>	O orzamento de execución por contrata ascende á cantidade de TRINTA E NOVE MIL OITOCENTOS CATORCE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS, 39.814,87 (IVE incluído). En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinados en base ao proxecto de obra, no que o técnico redactor xustifica que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado.

## 8. RÉXIMEN DE PAGOS

Certificacións mensuais que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante dito período de tempo, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

## 9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS

x Non procede	Visto o obxecto do contrato, os licitadores deberán cumprir cos seguintes requisitos de solvencia:  De conformidade co artigo 77.1.a) da LCSP, non é esixible a clasificación da empresa contratista das obras. Con todo, o empresario poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos na licitación para contratar.
---------------	---



	<p>O empresario poderá acreditar a súa solvencia achegando o certificado que acredite a seguinte clasificación segundo os artigos 25 e 26 do RGLCAP nos seguintes grupos:</p> <p>Grupo C, Subgrupo 4, Categoría 1</p>
--	---

## 10. CRITERIOS DE SOLVENCIA

Habilitación empresarial o profesional específica	<input type="checkbox"/> SI: Especificación e explicación  <input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
x O aplicable en defecto de previsión	
SOLVENCIA TÉCNICA	
x O aplicable en defecto de previsión	
COMPROMISO DE MEDIOS	
<p>MEDIOS PERSONAIS MÍNIMOS PARA ADSCRIBIR AO CONTRATO</p> <p>- 1 Xefe/a de obra coa titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente. Deberá ter una experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.</p> <p>A esixencia no equipo técnico cunha experiencia mínima ven derivada da necesidade de garantía de éxito na prestación. As actuacións de conservación e mantemento das edificacións teñen unha elevada repercusión na seguridade do lugar no que se vai a executar a obra. Por este motivo, técnicamente parece xustificable solicitar unha experiencia mínima.</p> <p>MEDIOS MATERIAIS MÍNIMOS PARA ADSCRIBIR AO CONTRATO</p> <p>x NON</p>	

## 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterio	Mellor relación calidade-prezo
----------	--------------------------------



Xustificación	<p>A mellora na porcentaxe do control de calidade permitirá aumentar o número de ensaio e controis na execución da obra; pola súa banda, o aumento do período de garantía facultará ao órgano de contratación a esixir ao contratista a reparación dos defectos de execución durante o tempo prorrogado.</p> <p>As empresas que acrediten un sistema con ISO 14001 (en relación coa xestión medioambiental) e 9001 (control de calidade) ou equivalente, permiten comprobar que na execución do contrato terán unha planificación, unha metodoloxía, un control da actividade e da calidade das actuacións, a prevención de incidencias, emerxencias ou problemas de calquera tipo; o que repercutirá nunha mellor calidade da obra o estar directamente vinculado con estas actuacións.</p>
---------------	--

## 12. PENALIZACIÓNS:

x O aplicable en defecto de previsión

## 13. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL:

Considérase que o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta.

Determinarase o limiar de temeridade: BM+3

## 14. NATURALEZA DA PARCELA URBANÍSTICA:

A Normativa Urbanística vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Barro, aprobado en Pleno Municipal en data 23 de mayo de 2003 y o Plan Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda - Curro, aprobado en Pleno Municipal en data 24 de agosto de 2006.

As parcelas A4- A5 están calificadas como Solo Urbano Industrial, zona de Actividade 1. Subzona 1-A.

Segundo o establecido no art. 147.1 da Lei 2/2016 de 10 febreiro do Solo de Galicia (LSG), os actos relacionados no art.142 que promovan os órganos das administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal mediante a obtención da licenza municipal ou comunicación previa. Consonte o art. 142 da LSG estarán suxeitos a licenza municipal os actos de edificación e uso do solo que precisen de proxecto de obra de intervención.

As actuacións que se propoñen acometer non teñen o carácter de intervención total nin se trata de actuacións parciais que produzan unha variación esencial na composición xeral exterior, da volumetría ou do sistema estrutural do edificio, nin tampouco teñen por obxecto cambiar o uso característico do edificio.



polo que non reúnen os requisitos establecidos no art. 2 da LOE para a esixencia de proxecto. Polo que conforme o artigo 142 da LSG e 360 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, estas obras están suxeitas ao réxime de comunicación previa.

#### 15. PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES:

Para a contratación das obras contempladas neste expediente, achégase a “Memoria valorada das actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro”, asinada polo arquitecto técnico do servizo de Cooperación en abril de 2024.

En relación co art. 233.3 da mesma lei, cómpre sinalar que, á vista das características técnicas do proxecto, non se considera necesario a inclusión dun estudo xeotécnico, dadas as características dos traballos a realizar.

#### 16. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

A estrutura establecida no PCAP en defecto de previsión.

#### 17. COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA:

De acordo co acordo marco regulador da prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras de Deputación de Pontevedra, adxudicado pola Xunta de Goberno o 18.12.2020 á empresa Aquatica Ingeniería Civil, SL, os importes correspondentes á coordinación da seguridade e saúde dos traballos descritos son os seguintes:

- Elaboración informe ao plan de seguridade e saúde ou documento de xestión preventiva: 104,10 €
  - Coordinación da seguridade e saúde durante o prazo de obra (2 meses):  $2 \times 388,87 \text{ €} = 777,74 \text{ €}$
- O total ascende á cantidade de 881,84€

#### 18. OBRIGAS ESENCIAIS:

O deber de comunicar calquera incidencia que supoña un cambio nos prazos ou modificación non prevista no proxecto.

- Os compromisos de medios materiais e humanos aos que se comprometeu a ou o contratista para a execución do contrato.



- Realizar os traballos de acordo coas condicións fixadas como mínimas no prego de prescricións técnicas e de acordo coas características, condicións e calidades fixadas na oferta do contratista.
- Elaborar o Plan de seguridade das obras, comunicar a apertura do centro de traballo e pedir as autorizacións que sexan pertinentes para poder executar a obra.
- Obriga da empresa adxudicataria de lle aplicar ao persoal que executará o contrato as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo. A ou o contratista remitiralle á Deputación, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e o cumprimento da normativa sinalada.

#### 19. OBRIGAS ESPECIAIS:

- Cumprimento do disposto no Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), mediante o emprego dunha linguaxe oral, escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- En toda a documentación, publicidade, imaxe ou material que se xere con motivo da execución do contrato, a empresa ou entidade adxudicataria deberá empregar un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.
- Pagamentos a subcontratistas e provedores, os deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.
- A ou o contratista remitiralle á Deputación, cando así o solicite, unha relación daquelas e daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato, xunto coas condicións de subcontratación e o xustificante de cumprimento dos pagamentos (carácter esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).
- Obriga da empresa adxudicataria de lle aplicar ao persoal que executara o contrato as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo (carácter esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).
- A ou o contratista remitiralle a Deputación, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e cumprimento da normativa sinalada.
- A empresa contratista ten a obriga de someterse á normativa nacional e da Unión Europea vixente en materia de protección de datos.





- A empresa contratista, no caso de ter máis de 50 persoas traballadoras, ten a obriga de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, que remitirá á Deputación cando esta o solicite.
- A empresa contratista deberá garantir a paridade salarial entre as mulleres, os homes e outras persoas traballadoras con identidade ou condición sexual ou expresión de xénero diferente.

## 20. PENALIDADES:

INCUMPRIMENTO PARCIAL DA PRESTACIÓN OU CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DA PRESTACIÓN:	PENALIDADE:
Falta leve: non remitir o libro de ordes cando sexa requirido pola Administración ou, noutro caso, coa certificación final.	2 % do prezo do contrato (IVE excluído)
Falta leve: non remitir a documentación de fin de obra.	2 % do prezo do contrato (IVE excluído)
Falta leve: non atender ao requirimento da Administración ante calquera incumprimento das condicións establecidas nos pregos ou na oferta.	10 % da certificación correspondente (IVE excluído)
Falta grave: a cesión en todo ou en parte do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen a previa autorización expresa do órgano de Contratación.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución.
Falta grave: a modificación do contrato, incluídos os prazos de execución, sen a previa autorización da Administración.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución.
Falta grave: a comisión de dúas faltas leves sobre as que existira resolución firme en vía administrativa.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución.
Falta grave: non atender ao requirimento da Administración para reparar a circunstancia que provocou a penalización por unha falta leve.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución, ademais da sanción imposta pola comisión da falta leve.
Incumprimento das condicións esenciais e especiais.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) e/ou resolución cando teñan carácter esencial.
Penalidades polo incumprimento das condicións de subcontratar: Pola infracción das condicións establecidas nos pregos para proceder á subcontratación, así como pola falta de acreditación da aptitude da ou do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades	30 % do importe de cada subcontrato (IVE excluído)



Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolucións da Presidencia con CSV): T314QJGRHTU8IM4L e CSV): KAO7V29HCW46LDBO de data 15 de marzo de 2024, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro. - Iniciar os trámites administrativos oportunos para proceder á:

- Aprobación da memoria valorada.
- Á licitación mediante un procedemento aberto simplificado e á adxudicación do contrato de obras de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro.

Segundo.- Propoñer á empresa Aquatica Ingeniería Civil SL para a adxudicación do contrato derivado do acordo marco que rexe a prestación do "Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación" (Expte.2020014145), nos termos establecidos no acordo da Xunta de Goberno 11.29773 de data 18/12/2020, polo que se adxudicou o LOTE 4 de dito acordo marco, polos seguintes importes:

- Elaboración informe ao plan de seguridade e saúde ou documento de xestión preventiva: 104,10 €
- Coordinación da seguridade e saúde durante o prazo de obra (2 meses): 2 x 388,87 € = 777,74 €

Terceiro.- Remitir ao servizo de Contratación a presente providencia de inicio a que se achega a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de Contratación para a súa aprobación.

- Memoria valorada das actuacións de reparacións e pintado exterior dos edificios do Centro de Servizos e Apoio Empresarial e do Viveiro de empresas do polígono de Barro", asinada polo arquitecto técnico do servizo de Cooperación en abril de 2024, CSV: 50IEJPT7HR8I5MRY

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

